



**Colexio Oficial
de Biólogos
de Galicia**

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Biólogos de Galicia celebrou o Día do Biólogo o 16 de maio

Foron homenaxeados os colexiados con 25 anos de antigüidade. Ademais procedeuse aos nomeamentos de Biólogo e Empresa do Ano e Membro de Honra

Santiago, 18 de maio de 2016. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) celebrou de novo o martes pasado o **Día do Biólogo** no Pazo de Adrán (Calo-Teo).

Á cita, que servíu para encontrarse de novo e compartir experiencias, poideron asistir 15 dos colexiados que levan 25 anos no Colexio, que foron obxecto de recoñecemento pola súa ininterrompida pertencencia a el, por medio da insignia biolóxica da dobre hélice do ADN e diploma conmemorativo. En nome dos homenaxeados pronunciou unhas palabras, **D. Andrés Pilas Pérez**, director de AMBICAL Proyectos, biólogo.

Este ano os colexiados distinguiron como **Biólogo do Ano** a **D. Fernando Cobo Gradín**, Profesor titular de Zooloxía na Universidade de Santiago e fundador e Director da Estación de Hidrobioloxía Encoro do Con, da propia USC, pola súa tripla e xa recoñecida vocación de docencia, investigación e divulgación do coñecemento sobre ecosistemas de augas continentais e “biólogo 24 horas” segundo a súa propia definición. El mesmo recolleu placa e diploma de mans do Decano do COBGA, **D. José Pelayo Míguez Baños**.

Así mesmo, foi elixida como **Empresa do Ano, La Voz de Galicia**, polo seu programa Voz Natura, dado o seu relevante papel de divulgación ambiental entre alumnos e profesores, fomentando actitudes cidadáns positivas cara o medio ambiente. Recolleu o galardón **D. José Luis Vilela Conde**, Director do xornal, que o agradeceu en nome de todos os que fan posible que o programa vai pola súa 20ª edición.

Finalmente, entregouse o título de **Membro de Honra** a **D. Emilio Rolán Mosquera**, Doutor en Bioloxía e experto mundial en taxonomía de moluscos mariños. É un dos malacólogos máis citado do mundo, posuídor dunha excelente

colección de cunchas (25.000 lotes catalogados), moitos deles doados ao Museo de Historia Natural da USC. Neste caso, a distinción foi recollida polo seu neto Carlos, ante a ausencia do interesado, que falou da figura de D. Emilio e das súas ensinanzas para a vida e o traballo.

Estiveron tamén presentes os decanos das facultades de Bioloxía de Santiago e Vigo, **D. Antonio Segura** e **D. Jesús Míguez**, respectivamente e o Presidente da Unión Profesional de Galicia, **D. Antonio Macho**. Os presentes desfrutaron logo dun refrixerio nos xardíns do Pazo nun cordial ambiente.

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

981 53 14 40

info@biologosdegalicia.org